

Aprobación do Plan Económico-Financeiro do Concello de Melide (2025-2026)

ANUNCIO

Na sesión plenaria ordinaria do Concello de Melide de data 4 de xuño de 2025 aprobouse o Plan Económico-Financeiro (2025-2026) como resultado do incumprimento da estabilidade orzamentaria derivada da liquidación do exercicio 2024.

En cumprimento do previsto nos artigos 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e o artigo 26 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria Orzamentaria, a aprobación acordada sométese a información pública coa finalidade exclusivamente informativa.

A efectos exclusivamente informativos, unha copia do plan económico-financeiro atópase a disposición do público no Concello de Melide e na súa sede electrónica.

O contido do citado plan é o seguinte:

PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE MELIDE (2025-2026)

1.- FUNDAMENTO DA PRESENTACIÓN DO PLAN.

De acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de Abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF), segundo a redacción dada polo artigo 1.7 da Lei 9/2013 de control da débeda comercial no sector público, no caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumpridora formulará un Plan Económico Financeiro (PEF) que permita durante o ano en curso e o seguinte, o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto.

En cumprimento do disposto no artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 90 do RD 500/1990 que desenvolve a anterior en materia de orzamentos, aprobouse a liquidación do orzamento do Concello de Melide correspondente ao exercicio 2024 mediante Decreto da Alcaldía número 205/2025, do 31/03/2025, acompañada dos preceptivos informes da Intervención, poñéndose de manifesto o incumprimento por parte do Concello de Melide da estabilidade orzamentaria na contía de -53.293,54€.

As principais magnitudes de carácter orzamentario que se obteñen da liquidación orzamentaria do exercicio 2024 son as seguintes:

- Resultado orzamentario axustado: 1.226.663,31€.
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 4.036.605,80€.
- Inestabilidade orzamentaria, necesidade de financiamento: -53.293,54€.
A corporación local incumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria na cantidade de -53.293,54 € (Déficit ou necesidade de financiamento).
- Obxectivo Regra de Gasto. A diferenza entre o límite da regra de gasto (8.017.215,97€) e o gasto computable da liquidación do exercicio 2024 (7.278.981,27€) é de 738.234,70 euros, polo que se cumpre a regra de gasto na citada contía.
- Aforro neto positivo por importe de 1.567.654,10 euros.

- Volume de endebedamento: 6,42%.
- Cumprimento do período medio de pago a provedores (0,85 días no 4T/2024).

Así, de acordo co sinalado, no informe de referencia 153/2025, de asunto: “*Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto con motivo da liquidación do orzamento de 2024*”, emitido o 31/03/2025, resulta un incumprimento da estabilidade orzamentaria; no dito informe se advertía da necesidade de dar cumprimento ao sinalado no artigo 21 da LOEOSF, isto é, elaborar un Plan económico financeiro (PEF).

2.- OBXECTIVOS:

Os obxectivos que se pretenden obter co presente Plan Económico Financeiro son que o Concello de Melide continúe a cumprir con todas as magnitudes económico financeiras que permitan valorar positivamente a situación económica da Corporación, a saber:

- Aforro Neto positivo.
- Remanente de Tesourería positivo.
- Resultado Orzamentario positivo.
- Nivel de Endebedamento por debaixo dos límites marcados legalmente para cada exercicio.
- Estabilidade Orzamentaria en situación de superávit ou de capacidade de financiamento.
- Cumprimento da Regra de Gasto.

A elaboración do Plan obedecerá a seguinte estruturación nas seguintes partes, seguindo o esquema establecido polo Ministerio de Facenda:

- 1ª Parte: Causas, diagnóstico e previsión tendencial

Neste apartado a entidade local deberá analizar de forma separada que causas lle xeraron o incumprimento da estabilidade orzamentaria e/o da regra de gasto no exercicio 2024 e que motivan a realización do PEF. Esas causas han de ser coherentes coas medidas que se inclúan no mesmo para reconducir á senda de cumprimento.

- 2ª Parte: Medidas: descrición, cuantificación e calendario

As medidas constitúen a parte fundamental do PEF ao ser o que permite volver á senda de cumprimento das regras fiscais. Distínguense entre medidas que afectan aos empregos non financeiros en termos de contabilidade nacional (gastos) e as dos recursos non financeiros de contabilidade nacional (ingresos).

O conxunto de medidas introducidas terá un valor económico en termos de contabilidade nacional e sumaranse sobre os saldos das proxeccións tendenciais reflectidos no apartado 1 de “Causas, diagnóstico e previsión”.

- 3ª Parte: Previsión tendencial con medidas e obxectivos do PEF

Neste apartado mostrarase o resultado da estabilidade orzamentaria e de regra de gasto tras o efecto das medidas adoptadas, debendo ser ambos de cumprimento para poder asinar o PEF.

- 4ª Parte: Resumen do PEF (Versión simplificada)

Desde este apartado obtense unha versión simplificada do PEF a remitir.

- 5ª Parte: Sinatura

Para a correcta firma do PEF, todos os formularios deberán ser cumprimentados e ha de quedar acreditado o cumprimento das regras fiscais tanto no exercicio en curso (2025), como no seguinte (2026), debendo de incluír, polo menos, unha medida sendo posible a inclusión de medidas das denominadas sen cuantificación económica, se con estas se estimase un cumprimento das regras fiscais.

Unha vez aprobado o PEF polo Pleno da Corporación, debe remitirse, no prazo de 5 días, a través de PEFEL2 (Plans Económico-Financeiros), aplicación de captura de datos das Corporacións Locais do Ministerio de Facenda.

En aplicación do artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a corporación local, no prazo de cinco días naturais desde a aprobación do plan económico financeiro pola propia corporación local ou polo órgano que exerza a tutela financeira, segundo proceda, remitirao ao Ministerio de Facenda, a través da plataforma PEFEL, habilitada para o efecto.

O contido mínimo do plan económico-financeiro, conterá a seguinte información de conformidade co artigo 21.2 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira así como do artigo 9 da Orde Ministerial HAP/ 2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEOSF:

- As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
- As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
- As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións.
- Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.
- As medidas correctoras aprobadas, cuantificadas e fundamentadas, sinalando a data da súa implementación. Estas medidas deberán ser coherentes coa variación interanual das súas previsións orzamentarias respectivas.
- A estimación e xustificación de axustes de contabilidade nacional e a coherencia co límite de gasto non financeiro, calculado na forma que establece a regra do gasto.
- A evolución da débeda, o cumprimento do límite de débeda, as magnitudes de aforro bruto e neto, a estimación dos saldos de tesouraría, o exceso de financiamento afectado e o remanente de tesouraría para gastos xerais.

Adicionalmente, de conformidade co artigo 116 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o mencionado plan incluírá ao menos as seguintes medidas:

- A supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.

- A xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custos.
- O incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local.
- Racionalización organizativa.
- A supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- Una proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia.

3.- CAUSAS, DIAGNÓSTICO E PREVISIÓN TENDENCIAL.

As principais magnitudes de carácter orzamentario que se obteñen da liquidación orzamentaria do exercicio 2024 son as seguintes:

- Resultado orzamentario axustado: 1.226.663,31€.
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 4.036.605,80€.
- Inestabilidade orzamentaria, necesidade de financiamento: -53.293,54€.
A corporación local incumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria na cantidade de -53.293,54 € (Déficit ou necesidade de financiamento).
- Obxectivo Regra de Gasto. *A diferenza entre o límite da regra de gasto (8.017.215,97€) e o gasto computable da liquidación do exercicio 2024 (7.278.981,27€) é de 738.234,70 euros, polo que se cumpre a regra de gasto na citada contía.*
- Aforro neto positivo por importe de 1.567.654,10 euros.
- Volume de endebedamento: 6,42%.
- Cumprimento do período medio de pago a provedores (0,85 días no 4T/2024).

No exercicio 2024 cabe salientar a evolución das seguintes magnitudes:

- Aumento do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (RTGX) que pasa de 4.002.870,72 € no ano 2023 a 4.036.605,80 € no 2024.
- Aumento do Resultado orzamentario axustado: 1.226.663,31 € no 2024 fronte aos 265.026,12 € no exercicio 2023.
- No 2023 o concello estaba en situación de inestabilidade orzamentaria na contía de -1.007.094,81 € mentres que no ano 2024 presenta necesidade de financiamento (déficit) por un total de -53.293,54 €.
- O Aforro Neto foi positivo no 2023 por un total de 1.114.109,19 € mentres que no exercicio 2024 ascendeu a 1.567.654,10 €.

O Concello de Melide cumpre coa regra de gasto así como o obxectivo de límite de débeda, sendo que ademais o período medio de pagamento a provedores está dentro do prazo establecido legalmente, en todos os trimestres do exercicio 2024.

Sen embargo, o Concello de Melide incumpriu o obxectivo de estabilidade orzamentaria (*necesidade de financiamento ou déficit*) no importe de -53.293,54 €.

CONCEPTOS	IMPORTES
Ingresos liquidados orzamento 2024 (capítulos 1 a 7)	9.146.515,58
Créditos liquidados orzamento 2024 (capítulos 1 a 7)	9.146.311,92
TOTAL (a – b)	203,66
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	0,00
2) Axustes recadación capítulo 2	0,00
3) Axustes recadación capítulo 3	-714,34
4) Axuste por Participación en Tributos do Estado	0,00
5) Axuste por gastos pendentes de aplicar a orzamento	-52.782,86
TOTAL NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	-53.293,54

Dos resultados obtidos constátase o incumprimento da estabilidade orzamentaria (necesidade de financiamento) na liquidación do exercicio 2024 por importe de -53.293,54€, sendo que no exercicio anterior fora de -1.007.094,81€, o que supuxo unha redución no déficit de 953.801,27 € dun exercicio económico a outro.

CAUSAS DO INCUMPRIMENTO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

a) Unha causa do incumprimento da estabilidade orzamentaria deriva da realización de gasto por enriba da consignación orzamentaria prevista no orzamento do exercicio 2024, que era o prorrogado do exercicio 2022, aumentando, en consecuencia, o importe do gasto imputado na conta 413 “Acredores por gastos devengados” que pasa de 216.471,09€ no 2023 a 269.253,95€ no 2024, nas aplicacións orzamentarias que conforman o capítulo II de gasto corrente en bens e servizos do orzamento municipal, que implicou un axuste de -52.782,86 €.

b) Outra causa do incumprimento da estabilidade orzamentaria obedece á tramitación das seguintes modificacións orzamentarias que tiveron lugar ao longo do exercicio 2024 por un total de 1.800.000 €, financiadas co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2023, como consecuencia de que o orzamento municipal do Concello de Melide para o exercicio 2024 era o prorrogado do ano 2022:

- No pleno ordinario do Concello de Melide de data 7 de agosto de 2024 aprobouse o expediente de modificación de créditos 22/2024, vía crédito extraordinario nº 1/2024 (BOP núm. 174, do 10 de setembro de 2024) para facer fronte ao gasto específico e determinado por importe total de 250.000 €, dos cales 150.000,00 € se corresponden co canon de xestión das depuradoras nos usos urbanos da auga (EDAR de Melide) e 100.000,00 € para gastos en materia de persoal, quedando financiado con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (870.00) derivado da liquidación orzamentaria do exercicio 2023.
- No pleno ordinario do Concello de Melide de data 7 de agosto de 2024 aprobouse o expediente de modificación de créditos 23/2024, vía suplemento de crédito nº 1/2024 (BOP núm. 174, do 10 de setembro de 2024) para facer fronte ao gasto específico e determinado por importe de 900.000 € que se corresponde coas áreas

de gasto 1, 2, 4 e 9, tratándose de gastos de natureza corrente que non se podían demorar ata o exercicio seguinte e para os cales o crédito existente resultaba insuficiente, financiado co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (870.00) derivado da liquidación orzamentaria do exercicio 2023.

- No pleno ordinario do Concello de Melide de data 28 de novembro de 2024 aprobouse o expediente de modificación de créditos 29/2024, vía suplemento de crédito nº 2/2024 (BOP núm. 249, do 27 de decembro de 2024) para facer fronte ao gasto específico e determinado por importe de 650.000 € que se corresponde coas áreas de gasto 1, 3, 4 e 9, tratándose de gastos de natureza corrente que non se podían demorar ata o exercicio seguinte e para os cales o crédito existente resultaba insuficiente, financiado co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (870.00) derivado da liquidación orzamentaria do exercicio 2023.

Non obstante, para poder elaborar un plan económico e financeiro procede previamente analizar a situación económica e financeira deste Concello de Melide nos últimos nove exercicios, para todo o cal se pode consultar o informe de Intervención municipal de referencia 154/2025, de asunto: “*Liquidación do orzamento municipal do exercicio económico de 2024*”, emitido o 31/03/2025.

Seguindo o esquema establecido polo Ministerio de Facenda, resultaría que:

- a) A evolución tendencial dos ingresos e gastos dos orzamentos deste Concello de Melide é a recollida nos cadros seguintes:

INGRESOS - INFORMACIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA				
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	2024 *(1)	2025* (2)	2026* (3)
1	Impostos directos	3.049.515,87	3.300.000,00	3.300.000,00
2	Impostos indirectos	56.514,24	60.000,00	65.000,00
3	Taxas e outros ingresos	984.255,98	1.100.000,00	1.175.000,00
4	Transferencias correntes	4.347.310,51	4.245.000,00	4.250.000,00
5	Ingresos Patrimoniais	19.600,76	21.419,16	20.000,00
6	Alleamento investimentos reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	689.318,22	930.000,00	750.000,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
Total		9.146.515,58	9.656.419,16	9.560.000,00

- (1) Dereitos recoñecidos netos derivados da liquidación orzamentaria do exercicio 2024.
(2) Previsións de dereitos recoñecidos netos ao final do exercicio 2025.
(3) Previsións dos dereitos recoñecidos netos ao final do exercicio 2026.

No BOP número 228, do 26 de novembro de 2024, publicouse a aprobación definitiva da modificación do artigo 2 da Ordenanza Fiscal número 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles do Concello de Melide, de tal xeito que o tipo de gravame do IBI urbano aumentou do 0,45% ao 0,53%. A dita modificación entrou en vigor o 01/01/2025, producíndose un incremento da previsión recadatoria a favor do Concello de Melide para o exercicio 2025 de 328.020,05 €, que en termos porcentuais suporá un 17,78% de aumento, ao pasar o importe da Cota Líquida do padrón fiscal do IBI Urbano de 1.844.484,23 € no 2024 a 2.172.504,28 € no 2025.

A estes efectos, conforme ao artigo 12.4 da LOEOSF, cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente.

GASTOS - INFORMACIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA				
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	2024 *(4)	2025* (5)	2026* (6)
1	Gastos de persoal	2.752.373,03	2.850.000,00	2.930.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	5.313.077,76	5.300.000,00	5.330.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	0,00	0,00
4	Transferencias correntes	319.089,64	325.000,00	325.000,00
6	Investimentos reais	761.771,49	1.100.000,00	950.000,00
7	Transferencias de capital	0,00	30.550,10	0,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	223.445,02	170.000,00
Total		9.146.311,92	9.828.995,12	9.705.000,00

- (4) Obrigas recoñecidas netas derivadas da liquidación orzamentaria do exercicio 2024.
(5) Previsións de obrigas recoñecidas netas ao final do exercicio 2025.
(6) Previsións de obrigas recoñecidas netas ao final do exercicio 2026.

De acordo co anterior, para os efectos do cálculo da **ESTABILIDADE ORZAMENTARIA**, resultaría a seguinte necesidade/capacidade de financiamento:

	2024	2025	2026
Ingresos non financeiros	9.146.515,58	9.656.419,16	9.560.000,00
Gastos non financeiros	9.146.311,92	9.605.550,10	9.535.000,00
Axustes	-53.497,20	0,00	0,00
Capacidade de financiamento	-53.293,54	50.869,06	25.000,00

Polo que se refire ao cumprimento da **REGRA DE GASTO**, resultaría:

	2024	2025	2026
Gasto computable liquidación ano n-1	7.814.050,65	7.278.981,27	7.705.550,10
Taxa referencia ano n*	8.017.215,97	7.511.908,67	7.959.833,25
Aumentos/Diminucións (art. 12.4 LOEOSF)	0,00	328.020,05	0,00
Límite regra de gasto	8.017.215,97	7.839.928,72	7.959.833,25
Gasto computable liquidación ano n	7.278.981,27	7.705.550,10	7.835.000,00
Resultado	738.234,70	134.378,62	124.833,25

* Taxa de referencia para 2024: 2,60%; para 2025: 3,20% e para 2026: 3,30%.

Con respecto aos “Investimentos Financeiramente Sostibles” (IFS) non houbo en 2023 nin 2024. Para os exercicios 2025 e 2026 haberá que estar á prorroga da DA 6ª que, no seu caso, se aprobe.

E respecto do **VOLUME DE ENDEBEDAMENTO E LÍMITE DE DÉBEDA**, resultaría o seguinte cadro que se detalla a continuación:

Entidade	Importe Inicial	Débeda viva 31/12/2024	Amortización 2025	Débeda viva a 31/12/2025	Amortización 2026	Débeda viva a 31/12/2026
----------	-----------------	------------------------	-------------------	--------------------------	-------------------	--------------------------

PAI 2015	309.336,71	309.336,71	223.445,02	85.891,69	85.891,69	0,00
PAI 2016	218.649,02	218.649,02	0,00	218.649,02	84.108,31	134.540,71
TOTAL	527.985,73	527.985,73	223.445,02	304.540,71	170.000,00	134.540,71
DRN Cap I a V		8.229.923,51		8.457.197,36		8.726.419,16
Coefficiente de endebedamento		6,42%		3,60%		1,54%

Finalmente, polo que se refire ao cumprimento da **DÉBEDA COMERCIAL E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES**, a situación é de cumprimento, como pode observarse no seguinte cadro, así:

2024 (4ºT)		Estimación 2025 (4ºT)		Estimación 2026 (4ºT)	
Total débeda comercial*	PMP	Total débeda comercial*	PMP	Total débeda comercial*	PMP
279.293,25 €	0,85	200.000,00€	1,30	200.000,00€	1,40

* Importe das operacións pendentes de pagamento.

4.- MEDIDAS: DESCRICIÓN, CUANTIFICACIÓN E CALENDARIO.

Tendo en conta as o incumprimento da estabilidade orzamentaria que se deriva dos datos oficiais da liquidación do exercicio económico de 2024 polo importe de -53.293,54€, fundamentado na realización de gasto por enriba da consignación orzamentaria prevista no orzamento do exercicio 2024, que era o prorrogado do exercicio 2022, aumentando o importe do gasto imputado na conta 413 “Acredores por gastos devengados” que pasa de 216.471,09€ no 2023 a 269.253,95€ no 2024, nas aplicacións orzamentarias que conforman o capítulo II de gasto corrente que implicou un axuste de -52.782,86 €, sendo a outra causa do incumprimento da estabilidade orzamentaria a tramitación de modificacións orzamentarias que tiveron lugar ao longo do exercicio 2024 por un total de 1.800.000 €, financiadas co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2023 para facer fronte a gastos de persoal en 100.000,00 € e gasto corrente do capítulo II en bens e servizos por importe de 1.700.000,00 €.

Tendo en conta que o incumprimento da estabilidade orzamentaria no exercicio 2024 ten un carácter conxuntural e non estrutural sendo a súa contía mínima (-52.782,86 €) en relación co incumprimento da estabilidade orzamentaria no exercicio anterior (-1.007.094,81€).

Resultando que o Concello de Melide cumpre co resto das magnitudes orzamentarias sinaladas con motivo da liquidación orzamentaria do exercicio 2024:

- Resultado orzamentario axustado: 1.226.663,31€.
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 4.036.605,80€.
- Obxectivo Regra de Gasto. *A diferenza entre o límite da regra de gasto (8.017.215,97€) e o gasto computable da liquidación do exercicio 2024 (7.278.981,27€) é de 738.234,70 euros, polo que se cumpre a regra de gasto na citada contía.*
- Aforro neto positivo por importe de 1.567.654,10 euros.
- Volume de endebedamento: 6,42%.
- Cumprimento do período medio de pago a provedores (0,85 días no 4T/2024).

Tendo en conta o informe emitido pola intervención municipal de ref.: 155M/2025, do 1 de abril de 2025, que leva por asunto: “Informe resumo anual sobre control interno referente ao exercicio 2024”, no que na súa parte conclusiva se dispón o seguinte:

“ (...) as situacións que requiren con urxencia da elaboración dun plan de acción, no que se recollan as medidas de corrección a adoptar, así como o responsable e calendario para a súa implementación, son as seguintes:

- 1) A necesidade imperiosa de que con carácter previo á tramitación dun contrato administrativo debe verificarse sempre a existencia de crédito axeitado e suficiente que asegure o financiamento do mesmo.*
- 2) Evitar na medida do posible os chamados “Recoñecementos extraxudiciais de crédito” e que cada vez sexa menor a imputación de facturas na conta 413 de “Acredores por operacións devengadas”.*
- 3) Erradicar os fraccionamentos indebidos de contratos administrativos.”*

Tendo en conta o anterior e analizadas as causas do incumprimento que levaron á necesidade de aprobar este Plan Económico-Financeiro, as estimacións tendenciais indican o cumprimento do obxectivo de regra de gasto así como da estabilidade orzamentaria nos exercicios 2025 e 2026, período de vixencia do presente Plan, así como do resto dos obxectivos impostos pola lexislación sobre estabilidade orzamentaria e facendas locais.

As magnitudes orzamentarias previstas son positivas, o pago da débeda comercial realízase dentro dos prazos legalmente establecidos, a débeda pública arroxa uns cocientes moi inferiores aos límites que marca a normativa de aplicación e, coa información dispoñible a data de hoxe e realizando as estimacións de conformidade co Manual da aplicación PEFEL2 sobre o modelo de Plan Económico Financeiro desenvolvido en aplicación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira, considérase que neste caso, o contido do Plan Económico Financeiro podería limitarse á aprobación do orzamento do exercicio 2026 cumprindo cos principios de estabilidade orzamentaria, límite de débeda e regra de gasto e á xestión do mesmo realizando unha planificación e xestión do gasto público eficiente e eficaz de tal xeito que sobre a execución dos orzamentos de 2025 e 2026 realizarase un control exhaustivo do volume do gasto público, e da eficiencia e eficacia do mesmo, verificando o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, límite de débeda e regra de gasto coa periodicidade que se estime conveniente para evitar que ao peche do exercicio correspondente se produza un incumprimento das regras fiscais.

Así, as **MEDIDAS** (sen cuantificación económica) que se propoñen durante a vixencia do PEF (2025-2026) son as seguintes:

- 1) Dar máxima importancia ao principio de anualidade orzamentaria, procurando que todos os gastos correspondentes ao ano en curso sexan executados integramente no dito exercicio e erradicar na medida do posible a conta 413 “Acredores por gastos devengados”.
- 2) Compromiso de dispor do saldo do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (RTGX) naquela contía que permita cumprir tanto a estabilidade orzamentaria como á regra de gasto nos anos de vixencia do PEF.

Esta incidencia é solventada na súa meirande parte coa aprobación definitiva do orzamento do exercicio 2025, sen dispor do orzamento prorrogado do exercicio 2022 como se fixo nos anos anteriores (2023 e 2024).

- 3) Non acudir a fontes de financiamento alleas, vía operacións de crédito a longo prazo por unha contía que comprometa o cumprimento das regras fiscais.

Ademais, cómpre ter en conta a modificación no exercicio 2024 da Ordenanza Fiscal número 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles do Concello de Melide, con efectos económicos no exercicio 2025 cifrados en 328.020,05 € pola suba do tipo de gravame do IBI urbano do 0,45% ao 0,53%, polo que non é preciso á implementación de maiores medidas que as sinaladas.

Polo tanto, as medidas propostas non teñen efecto económico cuantificado sobre os empregos non financeiros e, en consecuencia, sobre a estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de endebedamento. Por iso a previsión tendencia con medidas e obxectivos do PEF non reflicten cuantitativamente sobre a estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de endebedamento.

- Non se considera necesario suprimir competencias distintas das propias e das exercidas por delegación, por canto se trata de manter un nivel de orzamento axeitado aos servizos que se están a prestar na actualidade, debéndose eliminar a distorsión derivada da realización de gastos por enriba dos créditos orzamentados.

- En canto á xestión integrada e coordinada dos servizos obrigatorios que presta o Concello para reducir custes, teranse en conta as actuacións que a Deputación Provincial poida realizar neste eido en canto á contratación dun estudo sobre os custos dos servizos obrigatorios que prestan os concellos a fin de que determine cal é a mellor forma de prestalos, dando así cumprimento ao disposto no artigo 26 da LBRL como consecuencia da modificación introducida pola Lei 27/2013, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

- Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta o concello. De momento non se considera necesario aplicar esta medida dada a finalidade prevista de reducir o gasto no exercicio 2025 e que sexa esta contención do gasto a que permita recuperar a situación de equilibrio, sen prexuízo de actuacións de inspección e comprobación en ingresos na medida en que sexa posible.

- Racionalización organizativa. Non se considera necesario adoptar esta medida.

- Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio. Este concello non ten entidades desta natureza.

- Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia. Non se considera unha medida necesaria por canto que este concello, a pesares do seu orzamento limitado, ten capacidade suficiente para seguir prestando os servizos básicos aos seus veciños e veciñas sen ser necesario fusionarse con outros.

5.- CONCLUSIÓN DO PEF.

Analizada a situación económica do Concello de Melide resultante da liquidación do orzamento do exercicio 2024 con incumprimento da estabilidade orzamentaria, pódese afirmar que as magnitudes orzamentarias previstas no presente Plan son positivas.

Coa aplicación estrita das medidas postas de manifesto no punto anterior, estímase que as liquidacións de ambos os orzamentos (2025-2026) cumprirán coas diferentes regras fiscais.

6.- CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN.

O control será realizado polo órgano de tutela financeira a través dos informes de Intervención trimestrais, semestrais ou anuais (de aprobación do Orzamento, Liquidación do Orzamento, Obrigas Trimestrais, entre outras) nos que se poña de manifesto se están a cumprirse os obxectivos marcados no propio Plan.

Deste xeito, nos informes de seguimento do Plan Económico Financeiro verificarase periodicamente o cumprimento das previsións e, no caso de que se detecte algunha desviación, aplicaranse medidas adicionais, que poderán consistir en acordos de non dispoñibilidade de créditos ou medidas de política fiscal, entre outras, sempre de acordo ao que as circunstancias requiran en cada caso.

7.- CONCLUSIONES.

No informe emitido pola Intervención municipal en relación coa liquidación do exercicio 2024 constatouse o incumprimento da estabilidade orzamentaria regulada no artigo 12 da LOEOSF.

Como consecuencia do anterior, e dando cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEOSF, esta Alcaldía formula o presente plan económico financeiro para a súa aprobación polo Pleno do Concello de Melide.

Considérase que unha vez aplicadas as medidas contidas no presente plan, o Concello de Melide cumprirá co obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e nivel de endebedamento ao final dos exercicios 2025 e 2026, con ocasión da aprobación das devanditas liquidacións orzamentarias. Estímase entón que para o período considerado se producirá unha situación de equilibrio ou de superávit en termos de contabilidade nacional e de cumprimento da regra de gasto e tamén se estima un volume de débeda viva moi inferior ao legalmente previsto como límite.

Melide, 5 de xuño de 2025

O alcalde

José Manuel Pérez Penas

Documento asinado electronicamente.